

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Corporación do Concello de Cerceda celebrada o día 23 de agosto de 2019.

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as oito horas do día 23 de agosto de 2019, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

Asistentes:

Grupo Municipal Socialista:

D. José García Liñares.
D. Juan José Rodríguez García.
Dna. Cristina Capelán Cancelo.
D. Francisco Javier Boquete Cambón.
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.
D. Jesús Rama Bello
Dna. Catrina Queijo García

Grupo Municipal Popular:

Dna. Celia López Pallas.
Dna. Luz M^a Bello Vazquez
D. Jesús Picon Pardo

Grupo Municipal Mixto:

Secretaria accidental: M^a Julia Loureiro Pereiro.

Non asiste a concelleira do Grupo Municipal do PP, Dna. Lorena Bello Juncal e D. José Francisco Santos Regueiro e D. Alberto Sánchez Regueiro.

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

Primeiro: Ratificación da urxencia da convocatoria deste Pleno.

Orde do día

Primeiro: Aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía-Presidencia de aprobación dos proxectos de obras "Senda Peonil en Xesteda na AC-413 (Ordes -Carballo), p.q. 8+920 ó 9+960, por un importe 240.281,30 euros e "Senda Peonil en Toural (AC-400 Sigras-Muros pq 28+870 a pq 29+550, por importe de 76.972,30 euros, para a solicitude do seu financiamento pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Segundo: Aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía-Presidencia de sa 2ª fase do POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial.

Terceiro: Informe do Alcalde sobre Sentencia en xuízo ordinario nº 139/2017, dictada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 2 da Coruña.

Cuarto: Informe do Alcalde sobre Sentencia nº 189/2019, de 22 de xullo, ditada polo Xultado do Penal nº 1 da Coruña.

Primeiro: Ratificación da urxencia da convocatoria deste Pleno. Toma a palabra o Sr. Alcalde para xustificar a urxencia da convocatoria do presente Pleno baseándose nos prazos que deberán cumprirse nos puntos primeiro e segundo, xa que no primeiro punto deberase enviar a documentación antes da elaboración do pesuposto da Xunta e no segundo caso remata o día 13/9/2019 o prazo de presentación.

Sometida a votación a urxencia da convocatoria resulta aprobada por sete votos a favor e tres en contra.

Orde do día

Primeiro: Aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía-Presidencia de aprobación dos proxectos de obras “Senda Peonil en Xesteda na AC-413 (Ordes -Carballo), p.q. 8+920 ó 9+960, por un importe 240.281,30 euros e “Senda Peonil en Toural (AC-400 Sigras-Muros pq 28+870 a pq 29+550, por importe de 76.972,30 euros, para a solicitude do seu financiamento pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da inclusión deste punto na orde do día que resulta aprobado por sete votos a favor e tres en contra.

Procede a dar lectura do mesmo, cuio tenor literal é o seguinte:

“Tras negociacións mantidas ca Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, acordouse que o Concello de Cerceda redactaría os proxectos das obras arriba citadas e a Consellería, previa a súa solicitude, aportaría o 100% do financiamento das mesmas.

No exercicio das atribucións que lle otorga ó Pleno do Concello o artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local propónse a adopción do seguinte

Primeiro. Aprobar os proxectos de obras “Senda Peonil en Xesteda na AC-413 (Ordes -Carballo), p.q. 8+920 ó 9+960, por un importe 240.281,30 euros e “Senda Peonil en Toural (AC-400 Sigras-Muros pq 28+870 a pq 29+550, por importe de 76.972,30 euros, redactados ambos polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Pablo Blanco Ferreiro.

Segundo: Solicitar a Consellería de medio Ambiente, Territorio e Vivenda o financiamento das obras que ascende a 317.253, 60 euros”.

Intervencións que se citan:

A concelleira Sra. López argumenta sobre o art. 46.2. b) da Lei de Bases de Réxime Local e 84 do ROF, sobre a convocatoria do pleno, que recibiron a convocatoria sobre as dúas menos cuarto da tarde e non dispuxeron de tempo para poder mirar a documentación porque as oficinas municipais pechan sobre as

dúas da tarde, telefónicamente puxose en contacto co personal de secretaria e informounos que os tres primeiros puntos estaban na plataforma, dos outros non había documentación, con referencia o punto nº dous xa se tiña coñecemento dende o mes de maio e que iba ser aprobado no Pleno da Deputación en setembro. Polo que non ven xustificada a urxencia cando se puido ter tomado no pleno anterior. No punto nº 1 descoñecen a situación dos prazos, por iso van a votar en contra non polas obras que se deben de facer senon porque non estan de acordo na maneira de proceder que considera irresponsable porque os expedientes hainos que tramitar debidamente o seu tempo.

Contesta o Sr. Alcalde que hai plenos extraordinarios e urxentes e que se poden convocar incluso cunha hora, e de ser o caso malamente poderían estar informados.

Insiste a Sra. López Pallas que estan de acordo en facer as obras pero cos procedementos debidos.

Contesta o Sr. Alcalde que os proxectos de obra chegaron no día anterior .

Sometido a votación ó asunto resulta aprobado por sete votos a favor e tres en contra.

Segundo: Aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía-Presidencia de sa 2ª fase do POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da inclusión deste punto na orde do día que resulta aprobado por sete votos a favor e tres en contra.

O Sr. Alcalde procede a lectura da proposición que se transcribe:

“A vista da circular da Excma. Deputación Provincial da coruña para a elaboración e aprobación da 2 fase do POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial, e polo que se propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
CAMIÑO DE RODIS A MIXON	81.996,04	0	81.996,04
CAMIÑO DE BUZARELOS A ESTRADA CERCEDA-A SILVA E OUTROS	56.290,92	0	56.290,92
CAMIÑO DE MIXON A SARTEGO	40.135,12	0	40.135,12
CAMIÑO PORTABREA A VILARBELLO	56.302,30	0	56.302,30
TOTAL	234.724,38	0	234.724,38

Maior achega provincial asignada ao concello	406.234,71
--	------------

Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	171.510,33
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	234.724,38

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Intervencións que se citan:

A concelleira Sra. López reitera que están de acordo cas obras , pero non co procedemento, que esto xa se sabía dende fai moito tempo.

Contesta o Sr. Alcalde que o que se sabía era a cantidade pero non estaban listos os proxectos.

Sometido a votación o asunto resulta aprobado por sete votos a favor e tres en contra.

Terceiro: Informe do Alcalde sobre Sentencia en xuízo ordinario nº 139/2017, dictada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 2 da Coruña.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da inclusión deste punto na orde do día que resulta aprobado por sete votos a favor e tres en contra.

O Sr. Alcalde procede a leer o asunto que se transcribe:

Tendo en conta a sentenza de 8/xullo/2019, pola que Dna. Rosa María Rodríguez Muiño, reclamaba a titularidade dun camiño, inscrito no inventario de camiños co nº de activo 1C.1.0812, cuyo fallo determina “...que procede declarar que la demandante sin

perjuicio de paso a favor de las parcelas catastrales indicadas en la demanda, es propietaria de la franja de terreno, sita en el labradío conocido como "Tras do Casa"..."

Reseñar que a citada sentenza non é firme, e que poderíase interpoñer recurso de apelación ante o mesmo Tribunal, non é a intención desta Corporación a impugnación da mesma. Polo que en cumprimento da citada sentenza que se achega o expediente, este Concello procederá a rectificación do inventario de camiños dando a baixa o arriba citado.

Tendo en conta o art. 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, será o Pleno o órgano competente para acordar a súa rectificación.

No exercizo da atribución do artigo 22.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sométese a aprobación do Concello Pleno o seguinte

ACORDO:

Primeiro: Proceder a rectificación do inventario de camiños, dando de baixa no mesmo o denominado 1C.1.0812, que corresponde a súa titularidade a Dna. Rosa María Rodríguez Muiño, que obستا mellor título, todo elo en cumprimento da sentenza ditada en xuízo ordinario nº 139/2017.

Sométese a votación o acordo que resulta aprobado por sete votos a favor. A Sra. López Pallas manifesta que eles non votan informes.

Cuarto: Informe do Alcalde sobre Sentencia nº 189/2019, de 22 de xullo, ditada polo Xultado do Penal nº 1 da Coruña.

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia da inclusión deste punto na orde do día que resulta aprobado por sete votos a favor e tres en contra.

O Sr. Alcalde procede a leer o fallo da sentenza arriba citada, na parte que a el lle afecta e a proposición que se transcribe:

"A) Visto

I.-A Sentenza nº 189/2019 ditada polo Xulgado do Penal nº 1 de A Coruña.

II.-O establecido no art. 6.2 da Lei orgánica 5/1985, de 19 xuño, de réxime electoral xeral.

III.-O establecido nos art. 9 e 10 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

IV.-O establecido no art. 23 da Constitución.

V.-O establecido no art 117 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común e no art.114 da Lei 29/1988, do 13 de xuño, de xurisdicción contencioso-administrativa.

Proponse a adopción do seguinte

B)ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar a existencia dunha causa de incompatibilidade na persona de D. José García Liñares.

SEGUNDO.-Conceder a D. José García Liñares o prazo de dez días hábiles previsto no art. 10.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, para que presente a súa renuncia por escrito.

TERCEIRO.- Suspende a execución do presente acordo no caso da interposición dun recurso fronte ó mesmo ata o que órgano xudicial se pronuncie sobre o mantemento desta medida.”

Intervencións que se citan:

A Sra. López Pallas intervéñ para dicir que como non temos ningunha información debemos solicitar que ó noso entender o que procede e que se tome coñecemento da sentenza e se solicite a xunta Electoral a expedición da credencial do seguinte candidato da lista do PSOE do concello para que sustitua ó Sr. García Liñares. Como xustificación e apoio legal a esta solicitude presentamos o acordo nº 139/2019, de 4/4/2019 da Xunta Electoral Central, en relación cun caso de inhabilitación moi parecido a situación na que se atopa o Sr. García Liñares. E a Sentencia nº 438/2019, da Tribunal Supremo, Sala do Contencioso, recurso de casación que senta xurisprudencia e que establece que “la causa de inegibilidad e incompatibilidad establecida en el art 6.2. b) en relación con el art. 6.4. de la LOREG debe ser entendida en el sentido de que afecta a los condenados por delitos de rebelión, terrorismo, contra la administración pública o contra las intituciones del Estado, cuando la sentencia, aunque no sea firme, haya impuesta la pena de inhabilitación especial o de suspensión para empleo o cargo publico, cualesquiera que sean los empleos o cargos públicos a los que se refiera dicha pena”. (transcrito literalmente de nota aportada pola concelleira).

Contesta o Sr. Alcalde que teñen parte de razón, pero que eso non é a Lei e unha interpretación. O tema que se solicita é si se conleva a incompatibilidade ou non, e segue comentado os casos de Camariñas e Palas de Rey. Afirmo que interporá recurso e que xa lle dirán os Tribunais, que debe defender a súa inocencia. E comprende que os concelleiros teñen tanto dereito a pedir como el a recurrir, que así o fará e que espera que quede sen efecto a Sentencia. Que non ve normal que non poida seguir nun cargo para o que foi elexido.

A Sra. López manifesta que considera que o art. Pode ser inconstitucional, que non o disculte, pero que a sentenza do Tribunal Supremo senta xurisprudencia, e o acordo da Xunta Electoral Central é posterior, poderá ser inxusto pero é legal, mentras o Tribunal Constitucional non diga outra cousa é o que hai que cumprir.

Responde o Sr. Alcalde que o Tribunal Constitucional nunca se pronunciou neste asunto, xa se dixo no momento de aprobación que era anticonstitucional, sempre se dixeron moitas cousas pero os Tribunais pronunciáronse doutra maneira e acatarase o que se diga. Todo son interpretacións, ningun dixo que tiña que cesar.

A concelleira Sra. Lopez contestalle que xa o dí o Tribunal, que dende 2011 di sentenza non firme.

O Sr. Alcalde manifesta que a LOREG pedía anteriormente sentenza firme, e que dende 2011 dí non firme. Que abandonará a Alcaldía cando o diga así un Xuíz.

Sométese a votación o acordo que resulta aprobado por sete votos a favor. A Sra. López Pallas manifesta que eles non votan informes.

Neste momento solicítolle o Sr. Alcalde que me entregue o contido deste asunto da orde do día, que non constaba nesta Secretaría, e procede a darme unha proposición e un informe (que dilixencio e conta con 18 folios selados e asinados por min e que engado o expediente da sesión) e mais unha copia da Sentencia 189/2019, do Xulgado do Penal nº 2, de data 22/7/2019.

E non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión sendo as oito horas e trinta e cinco minutos , do día da data, da que eu Secretaria accidental extendo a presente acta.-

O Alcalde-Presidente

A secretaria accidental

José García Liñares

M^a Julia Loureiro Pereiro.